


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS

18-19 de maio do 2024

## FESTA DE PENTECOSTE NO FIN DA PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA

**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDE DE BENVIDA

♪ *nº 1 A Cristo cantamos*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Como fai oito días compartimos con Xesús Resucitado, e con esta festa de Pentecoste poñemos fin á Pascua despois de estarmos a vivila durante 50 días.

Celebramos así hoxe a gran festa do Espírito prometido por Xesús cando se despediu dos Apóstolos: “Non vos deixarei sos”, o Espírito que vive e dá vida no noso interior, o Espírito que coida e alenta á Igrexa para facerse en comunidade.

Os Apóstolos tiñan medo. Péchanse en Xerusalén e esperan. Unha vez que reciben o Espírito de Xesús, abren as portas e comezan a ser testemuñas do Evanxeo, xa non hai medo, agora é tempo de confiar nese Espírito que dirixe o que teñen que dicir e facer.

Para dar vida a esta comunidade todas as mans son boas e necesarias, tamén as nosas. Sigamos facendo unha igrexa viva. Sexamos crentes sen medos.

## ACOLLIDA DA AUGA

**Celebrante:** Nestes últimos cincuenta días vimos facendo memoria da celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí ante a auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos amarnos uns a outros coma irmáns indo e pregoando o evanxeo como agora cantamos

### ♪ nº 2 *Ide e pregoade*

**Celebrante:** *Damos grazas a Deus por todos os dons da vida cos que El nos agasalla dicindo:*  
BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

#### **Monitor/a**

- \* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo
- \* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- \* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando o que rebule no noso interior neste día do Espírito. Facémolo coa satisfacción de saber que se conta e se pode contar coas nosas mans.*

### ♪ nº 3 *Gloria a Deus*

**Celebrante:** Deus, Noso Pai, no misterio desta festa de Pentecoste santificas a toda a túa Igrexa no medio das nacións. Ti estendes os dons do teu Espírito dun cabo ao outro da terra e realizas tamén hoxe no corazón dos teus fieis a milagre que o teu amor obrou nos comezos mesmos de vida da Igrexa. Así somos agora nós testemuñas da Pascua de Xesucristo, Noso Señor. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *O libro dos Feitos dos Apóstolos cóntanos como foi recibido o don do Espírito o día de Pentecoste naquela primeira comunidade dos seguidores de Xesús. Cheos do Espírito Santo xa non tiñan medo, xa non podían esconder o vivido con El. No Evanxeo El deséxalle a paz aos Apóstolos e dálles o Espírito para que sexan as súas testemuñas transmisoras de paz no mundo. escoitamos.*



## LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Cando se cumpriron os días de Pentecoste, estaban todos xuntos no mesmo sitio. De súpeto, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento, que encheu toda a casa onde estaban; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando unha sobre cada un deles. Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.

Había daquela en Xerusalén xudeus piadosos de todas as nacións da terra. Ao se producir aquel estrondo, xuntouse a xente e ficou moi desconcertada, porque cada un os sentía falar na súa propia lingua. Pasmados e admirados, dicíanlles uns a outros: "¡Olla!. E todos estes que están aí a falar non son galileos?, E logo como é que os sentimos falar cada un de nós no noso propio idioma nativo?.

### Palabra do Señor



♪ n° 8      *No colo da miña nai*      SALMO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:

- PAZ CON VÓS.

Dito isto, mostroulles as mans e mailo peito. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

- PAZ CON VÓS: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

- RECIBIDE O ESPÍRITO SANTO: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos.

### Palabra do Señor

(sentad@s)      gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





## UNHA ORACIÓN COMPARTIDA

Xa van alá 50 días da Pascua (Pentecoste).

Señor Xesús, acollemos a túa luz,  
hoxe que alentas e dás forza aos Apóstolos  
enviándolles o teu ESPÍRITO.

Sabemos da súa presenza no medio de nós,  
alentándonos para ser crentes responsables  
capaces de superar medos sendo coherentes e coidadosos  
con nós, cos demais, coa natureza.

O teu Espírito guía os nosos pasos polos teus camiños  
para facer unha Igrexa na que todos somos necesarios  
e ninguén se sinte excluído.

O teu Espírito anímanos para sermos xentes de paz,  
doídos co nada que vale a vida  
cando se ve rodeada de violencia.  
Así non se fai comunidade.

Aquí tes Señor as nosas mans,  
con elas queremos facelo mellor.

Non queremos ter medo a facernos cribles,  
como os apóstolos abrimos portas á PAZ  
e pómonos en camiño anunciando o evanxeo da Fe.

**Gardamos un pequeno silencio**

## RENUNCIAMOS AO MAL

*Celebrante* Neste día de Pentecoste, deixándonos  
alumar pola luz da fe, renovamos os nosos  
compromisos na loita contra o mal porque queremos  
facelo mellor unidos a Cristo.

*Dicimos SI RENUNCIAMOS*

### *Monitor/a*

✓ **Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?**

**Si, renunciemos**

✓ **Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?**

**Si, renunciemos**

✓ **Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, que poñen o pracer por enriba de todo, e que aprecian a liberdade persoal por enriba da responsabilidade social?**

**Si, renunciemos**

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante** Neste fin das festas da Pascua, tendo en Cristo ao IRMÁN que dá a vida por todos, compartimos o credo dicindo **SI CREEMOS**

**Monitor/a:**

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres,  
que nos agarima nas súas mans  
e nos acolle no seu corazón?

**SI CREEMOS**

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido,  
sempre atento para dar unha man,  
e que nos quere vivos  
e dando vida á Pascua?

**SI CREEMOS**

Credes no Espírito de Deus,  
que nos alenta esperanza para soñar irmandade,  
que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra,  
que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

**SI CREEMOS**

Credes na Igrexa,  
unha Igrexa que se fai crible en comunidade,  
acolledora, respectuosa e coidadora da terra  
e de todos os homes e mulleres  
que na vida se sinten inxustamente tratados?

**SI CREEMOS**

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** Pidamos ao pai que nos dea o Espírito prometido por Xesús. Digamos:

**Verte o teu Espírito**

**Monitor/a**

- ✓ Verte sobre o mundo o teu Espírito de vida, oremos
- ✓ Verte sobre a Igrexa o teu Espírito de santidad, oremos
- ✓ Verte sobre os poderosos o teu Espírito de caridade e servizo, oremos
- ✓ Verte sobre os refuxiados e os asoballados o teu Espírito de respecto e dignidade, oremos
- ✓ Verte sobre os enfermos o teu Espírito de consolo e esperanza, oremos
- ✓ Verte sobre os que reciben os sacramentos o teu Espírito de fortaleza, oremos
- ✓ Verte sobre todos os que te buscan o teu Espírito de sabedoría, oremos
- ✓ Verte sobre a nosa comunidade o teu Espírito de amor, oremos
- ✓ Verte sobre os que sofren a guerra e a violencia o teu Espírito de paz, oremos

**Celebrante:** Envía, Pai, o teu Espírito para que nos encha dos seus dons, como nolo prometeu Xesús Resucitado que vive por sempre eternamente. Amén

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

**Celebrante:** *Con Xesús queremos rezar a oración que El mesmo nos ensinou. Con ela pedimos ESPÍRITO para nós e para cantos formamos a Unidade Pastoral de Os Cotos. Teñamos presente aos veciños e veciñas que comparten agora á nosa beira facendo comunidade:  
NOSO PAI ...*

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *“PAZ CON VÓS”. Estas palabras do Resucitado volven ser pronunciadas hoxe na nosa parroquia. Fagamos honor ao noso nome de cristiáns; acollamos a paz e non deixemos de dar exemplo dela no fogar, na parroquia. Sexamos hoxe e sempre homes e mulleres de paz.*

 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

#### COMUÑÓN

**Celebrante:** *Na festa de Pentecoste, cincuenta días despois da Pascua, os apóstolos superan os medos e comezan a súa misión de facer comunidade. Nós compartimos agora en parroquia a vida e a fe que nos fai cribles. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

 **nº 9 Acharte presente na vida**

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA


#### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:** *Señor, ti concediches a túa Igrexa os dons eternos. Conserva en nós a graza que nos deches, para que o Espírito Santo sexa sempre a nosa forza, por Cristo noso Señor. Amén*

*Hoxe remata a Pascua. A auga do resucitado foinos lembrando que El farta as nosas sedes de evanxeo e nós temos a responsabilidade de ser Vida para os demais.*

*Tamén a luz do cirio pascual que temos acendido no medio da asemblea ao longo das últimas sete semanas apágase xa; só a acenderemos nalgún dos grandes momentos que afecten a un irmán da comunidade: bautizo, primeira comuñón, confirmación, enterro. Os que temos descuberto a Cristo na Pascua, temos que ser agora luz para os demais.*

*Aínda que agora apagamos o cirio pascual, que non se apague a luz da fe que levamos dentro.*

 **nº 1 A Cristo cantamos**

*Avísase das misas (ver follas do mes)*

**Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA  
e o Señor da paz, o Resucitado,  
nos bendiga †, nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén  
Podémonos ir en PAZ.**